

ACTIVIDADES PREVISTAS

Campaña de minibásquet
"Memorial Lorenzo de la Torre"

Fútbol sala
Finais copa "Concello de Santiago"

Festival de waterpolo

Simuladores en 3D
de golf e de tiro

Loitas Olímpicas



Atletismo Indoor

Xincana ciclista

Tiro con Arco

Bicicleta estática

Exposición XII Concurso
de Fotografía Deportiva




**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de Deportes

Teléfono: 981 528 730
dptodeportes@santiagodecompostela.org

**Ven e disfruta
do deporte**

Todas as actividades **serán de balde**



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de Deportes

Actividades

Horario de mañá:

- Campaña de minibásquet "Memorial Lorenzo de la Torre"** organizada pola Federación Santiaguesa de Baloncesto.

Horario de tarde:

- Finais de copa "Concello de Santiago" de fútbol sala** organizadas pola Agrupación de Deportistas Veteranos.

Obradoiro de **Globoflexia**, para disfrute dos máis cativos.

Durante todo o día:

- Xincana Ciclista**, "Ciclismo para todos", organizada pola "Asociación Galega de Promoción y desarrollo del ciclista".

- Actividade aberta á participación de nenos e adultos. O reto consistirá en realizar un circuito de habilidade no menor tempo posíbel. A organización poñerá a disposición dos asistentes bicicletas para poder participar. Entre todos os participantes sortearase unha bicicleta.

Simuladores de GOLF e de TIRO.

- Actividades con avanzados sistemas de simulación en 3D que permitirán competir a varios xogadores en destreza tanto na práctica do golf como na precisión do tiro con carabina.

Disfruta das Loitas Olímpicas, organizada pola Federación Galega de Loita.

- Sobre un tapiz oficial os nenos e nenas poderán coñecer dunha forma lúdica as habilidades básicas necesarias para practicar este singular deporte.

Atletismo Indoor, organizado pola Delegación Local da Federación Galega de Atletismo.

- Poderanse practicar determinadas probas atléticas que estarán adaptadas ao espazo e nas que poderán competir e poñerse a proba grandes e pequenos.

Tiro con Arco, organizado pola Federación Galega da modalidade.

- Instrutores especializados darán a coñecer as técnicas elementais desta disciplina podéndose comprobar in situ o nivel de acerto de cada participante.

Exposición do XII Concurso de Fotografía Deportiva.

A entrada á **zona dos ximnasio**s será de balde durante todo o día. A maiores ofertarase ao longo do día unha **actividade dirixida de bicicleta estática**.



Clausura da campaña de natación escolar "Á AUGA PATOS"

Horario: de 10,30 a 13,00 horas

- Finalizada esta campaña municipal os case 500 nenos e nenas participantes amosarán as súas habilidades nunha xornada festiva.

Festival de waterpolo, organizado polo:

Club Waterpolo Santiago

Horario: de 16,00 a 19,00 horas

- Actividade aberta á participación de nenos e nenas de idades entre os 7 e 14 anos, dividíndose en tres categorías. Formaranse equipos mixtos desenvolvéndose partidos ao ancho da piscina.

- Requisito imprescindible:** saber nadar e asinar o mesmo día unha autorización do pai, nai ou tutor do neno/a participante.

Homenaxe a Carlos J. Lamela Pena

As entidades deportivas representadas no Consello Municipal de Deportes farán durante o acto final de entrega de trofeos e agasallos previsto para as 19,30 horas, unha mención especial a modo de homenaxe ao labor profesional desenvolvido durante os últimos 24 anos por Carlos J. Lamela á fronte do Departamento de Deportes do Concello.